



CAMPO DE VOLUNTARIADO "CASTRO DE VILADONGA" (CASTRO DE REI -LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
26/08-06/09/2025	18-30	Autonómico e Galicia exterior	Arqueolóxico	25



LOCALIZACIÓN

Castro de Rei é un concello da provincia de Lugo. Pertence á comarca da Terra Chá.

A Terra Chá é un dos mellores exemplos da paisaxe rural galega e un paradigma da Galicia verde.

Castro de Rei é conxunto histórico artístico e vila pintoresca dende 1971 e o seu centro histórico está habitado dende hai cinco mil anos nunha elevación que foi castro primeiro e fortaleza con torre de vixía despois. A día de hoxe quedan parte das murallas e do castelo con restos da que era a vivenda (a torre caeu en 1941).

DESCRICIÓN DO CAMPO

Este campo de voluntariado vai permitir a convivencia e o intercambio de experiencias entre

mozos e mozas galegos e mozos e mozas descendentes de emigrantes galegos, que participarán conxuntamente en actividades de voluntariado vinculadas co patrimonio cultural galego, ademais de gozar dun programa de actividades de tempo libre.

As actividades de voluntariado están vinculadas co xacemento arqueolóxico do Castro de Viladonga, situado na parroquia de Santiago de Viladonga, no concello lucense de Castro de Rei.

Trátase dun xacemento arqueolóxico da Idade do Ferro e época romana que destaca polos seus valores científico e patrimonial, así como polo seu potencial como recurso cultural, dado que se trata dun dos xacementos arqueolóxicos máis senlleiros de Galicia e un dos máis coñecidos e visitados polo público en xeral, contando ademais cun museo de sitio. Todos estes valores fan que teña a consideración de Ben de Interese Cultural coa categoría de Monumento.

As persoas voluntarias recibirán unha formación elemental en materia de conservación e protección do patrimonio cultural, colaborando co equipo arqueolóxico do Castro de Viladonga nas tarefas básicas de limpeza e consolidación de estruturas arqueolóxicas.

Ademais, a través do museo do Castro de Viladonga, coñecerán de primeira man os traballos de gabinete en arqueoloxía, especialmente a catalogación dos materiais arqueolóxicos, así como tamén as diferentes tarefas de difusión que se desenvolven dende o dito museo.



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Ruta de sendeirismo PRG- 154 do río Azúmara.
- Excursións a Cabo Ortegal, Garita da Herbeira, San Andrés de Teixido, Cedeira, Praia de Vilarrube, á cidade de Lugo, a Santiago de Compostela, á vila de Ribadeo, Museo do mar de San Cibrao, Praia de Area e Fociño do Porco.
- Caiac
- Colaboración na loxística das festas tradicionais e eventos culturais e deportivos celebrados no concello de Castro de Rei.
- Veladas.



ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Hotel-Restaurante Río Lea, avenida Terra Chá, 41, 27289 Ribeiras de Lea (Lugo).

INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16.00 h no lugar do aloxamento.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COMO CHEGAR

A forma máis rápida de chegar a Castro de Ribeiras de Lea é por Lugo, tanto por ferrocarril como por estrada. A distancia entre ambos os lugares é de 20 km.

Para viaxar desde Lugo a Castro de Ribeiras de Lea a empresa de autobuses que cobre esa liña é www.arriva.gal.



COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

QUE TRAER

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha.
- Saco de durmir e mochila para as rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo.
- Roupas: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de auga (chubasqueiro), de traballo (guantes, gorro).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.





CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude de Lugo: camposlugo.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude, con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

@emigracion.xunta.gal Portal da Secretaría Xeral da Emigración.

@cultura.gal Portal de cultura de Galicia.

